

ACTA SESIÓN ORDINARIA DA ASEMBLEA XERAL DO COLEXIO OFICIAL DE PROTÉSICOS DENTAIS DE GALICIA (C.O.P.D.G.) CELEBRADA O VINTE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE.-

Nº 1/2020
Vigo, 20 de xuño de 2020

No Salón de actos do Real Club Náutico de Vigo, sito na rúa As Avenidas s/n, de Vigo, sendo as 11:00 horas do día da data, co fin de celebrar Sesión Ordinaria da Asemblea Xeral do Colexio Oficial de Protésicos Dentais de Galicia, en segunda convocatoria, os señores colexiados expresados a continuación, baixo a Presidencia de D. Avelino J. Sanmartín Caamaño, procede a abrir o Acto para deliberar, e no seu caso adoptar acordos sobre os puntos incluídos no seguinte:

ORDE DO DÍA

- 1º.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior:
- Sesión Ordinaria nº 1/2019, de 9 de marzo.
- 2º.- Informe de Xestión da Xunta de Goberno das actuacións levadas a cabo no ano 2.019.
- 3º.- Aprobación, se procede, da Conta Xeral de 2.019.
- 4º.- Aprobación, se procede, do proxecto de presuposto de 2.020 e das Bases de Execución.
- 5º.- Aprobación, se procede, de prorrogar o mandato realizado pola Asemblea deste Colexio, de non abonar cantidade algunha ao Consello Xeral mentres non se resolvan os procedementos iniciados e se determine a cantidade que se debe abonar ao mesmo.
- 6º.- Aprobación da proposta referendada na Sesión Ordinaria nº 1/2020, do Pleno da Xunta de Goberno, celebrada con data de 25 de xaneiro de nomear a D. Diego Murillo Carrasco como membro de honra do Colexio e a D. Manuel Corral Fariñas como membro emérito.
- 7º.- Rogos e preguntas.

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Avelino J. Sanmartín Caamaño
VICEPRESIDENTE: D. Miguel Anxo Rodríguez Ramos
SECRETARIO: D. José Ramón Rey Álvarez
TESOUREIRO: José Antonio Casal Cid
POÑENTE DE CULTURA: María Marta Rodríguez González
VOCAL: D^a. M^a Alicia Rodríguez Díaz
VOCAL: D^a. Belén Martínez Troncoso

COLEXIADOS:

D. Francisco Javier Meijide Torres (nº 13)
D. Pablo Ripoll Cabello (nº 50)
D. Vicente Vilariño Moro (nº 114)
D. María Jesús Feijoo Villanueva (nº 194)
D. Manuel Canda Rodríguez (nº 197)
D. Luis Antonio Álvarez Rodríguez (nº 243)
D. Juan José Pérez Ferreiro (nº 402)

HORA DE INICIO: 10:30 horas
HORA DE REMATE: 13:45 horas

Antes de iniciar o debate, e deliberación sobre os asuntos incluídos na Orde do día o Sr. Presidente intervéñ para saudar a todos os colexiados asistentes e agradecer a súa presenza.

Así mesmo, engade que antes de entrare n detalle sobre os puntos da orde do día, propón aos asistentes que o segundo punto deste, referente ao informe de xestión , se pase ao punto sexto antes de entrar en rogos e preguntas.

Sometido a votación, apróbbase por unanimidade dos presentes a modificación da orde dos puntos da orde do día sinalada.

A continuación, logo de comprobación polo Sr. Secretario do quórum de asistencia e do número de votos que representa a maioría simple, (sobre un total de 16 asistentes no momento do inicio da sesión), comézase coa resolución dos asuntos incluídos na Orde do día.

1º.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: SESIÓN ORDINARIA Nº 1/2019, DE 9 DE MARZO.

Tendo todos os asistentes borrador da copia da acta da sesión anterior remitidas na convocatoria, procédese á súa lectura.

Preguntados polo Sr. Presidente se hai algunha rectificación ou modificación que realizar e someter, non sendo formulada modificación ou rectificación adicional ningunha, sométese a votación a acta quedando esta aprobada por unanimidade dos membros presentes na anterior Asemblea.

2º.- INFORME DE XESTIÓN DA XUNTA DE GOBERNO DAS ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO NO ANO 2.019.

Por parte do Sr. Presidente procédese a dar lectura ao Informe de Xestión correspondente ao exercicio 2019.

D. Juan José Pérez Ferreiro (nº 402) pregunta se os empregados teñen que ter seguro de responsabilidade civil.

Polo presidente contéstaselle de que o seguro de responsabilidade civil é algo que o Colexio outorga a todos os colexiados polo simple feito de estar colexiados. Que é un servizo dado polo Colexio incluído na súa cota colexial. En canto á súa obrigatoriedade indica que se ben non é obrigatorio é recomendable que o teñan.

D. Francisco Javier Meijide Torres (nº 13) indica que ten que haber unha cota diferenciada entre colexiados titulares e empregados. Considera que se os empregados pagaran menos cota colexial habería mais colexiación.

D. Vicente Vilariño Moro (nº 114) considera que non ten que haber ningún tipo de cota colexial diferenciada, pois podería levar á consideración de que haxa colexiados de primeira e colexiados de segunda.

Por parte do Sr. Presidente infórmase de que o Colexio é un Colexio profesional e que todos os colexiados son profesionais por igual, sen ningunha distinción, todos teñen os mesmos dereitos e reciben os mesmos servizos sexan traballadores por conta allea ou autónomos.

D. Luis Antonio Álvarez Rodríguez (nº 243) sinala que hai determinados protésicos que non se colexian porque é caro e que si deixan de traballar teñen que seguir pagando.

Por parte do Sr. Presidente infórmase de que se debe partir de que en primeiro lugar é obrigatoria a colexiación tal e como se contempla na lexislación vixente, así mesmo engade que por parte do Colexio se fixo un estudo comparativo das diferentes cotas colexiais que se abonan en outros colexios, estando a cota colexial na media dos outros colexios. Así mesmo, reclaca que non é certo que os protésicos que deixen de traballar teñan que seguir pagando, pois poden solicitar a baixa se acreditan o cese na actividade ou pasar da condición de colexiado exercente a non exercente abonando unha cota reducida.

Finalizada a lectura do informe, o Sr. Presidente pregunta se algún colexiado desexa realizar algunha outra intervención, non realizándose ningunha intervención ou pregunta sobre este, non realizándose ningunha.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DE 2019.

Polo Sr. Presidente dáse conta da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2019, cuxo contido literal é o seguinte:

INGRESOS

O importe dos ingresos realizados ascende a 157.764,82 € o que representa un grao de execución sobre as previsións iniciais orzamentadas (134.300,00 €) do 117,47 % acumulado.

GASTOS

Os gastos realizados ascenden a 141.404,79 € que sobre os créditos iniciais do Orzamento (134.300,00 €) representan o 105,29 % acumulado.

Como se pode observar sobrepasouse positivamente o presuposto estimado nos ingresos así como tamén o de gastose, sen embargo a diferenza entre ámbalas dúas cantidades arroxa un superávit no exercicio de 2019 de **16.360,03 euros**.

A 31 de decembro de 2018 o importe recibos devoltos ascende a **8.440,00 €** de acordo co seguinte cálculo:

Nº Recibos devoltos	Importe	Total devolucions
268	30,00 €	8.040,00
40	10,00 €	400,00
Total: 308		8440,00 €

O total dos saldos debedores en concepto de cotas colexiais ascende a **39.220,65 euros**.

A día de hoxe a débeda está reclamada na súa totalidade, pero debemos engadir que do total da débeda reclamada, hai unha parte que non se poderá reclamar ao cesar o colexiado na actividade, e tendo correctamente xustifico dito cese, condonando en consecuencia esa cantidade.

No que se refire ao saldo en bancos, o saldo no Banco Santander a data de 31 de decembro de 2018 ascende a **35.951,35 euros**.

Deseguido, por parte do Sr. Presidente sométese a votación a conta Xeral do ano 2019, por unanimidade dos presentes adóptase o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: *A aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2019.*

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DE PRESUPOSTO DE 2.019 E DAS BASES DE EXECUCIÓN.

Polo Sr. Presidente pásase a dar explicación sobre o proxecto de presuposto do 2020, cuxo contido é o seguinte:

	GASTOS	PRESUPOSTO 2020
O.G	Atencions protocolarias	6.600,00
	Telefonia	1.200,00
	Prima seguro poliza R.C.	1.110,00
	Transportes	1.000,00
	Locais para Sesions	150,00
	Material S.Ordinario non inv.	600,00
	Dietas cargos electos	22.000,00
ADMON.GRAL	Contrato secretaria técnica	78.050,00
	Reclamacions xurídicas: notaria, procuradores	14.420,00
	Prima seguro poliza R.C. colexiados	9.200,00
	Correos morosos e Administracion xeral	1.300,00
	I.sociedades	2.000,00
	Material oficina no inventariable	800,00
	Gastos de Xestión y mantemento de contas	170,00
	Servizos de recaudacion recibos	150,00

CULTURA	Fondo bibliografico e documental	900,00
	Mantemento anual da páxina web	4.000,00
	Organización cursos e día protesico	10.000,00
	Arrendamento locais sesións de cultura	500,00
	Atencións protocolarias e de representación	1.200,00
	Pago Conferenciantes	400,00
	Publicidad e e propaganda, Doga e outros cursos	350,00
	Subministrados material non inventariable cursos	100,00

RESUMEN PRESUPUESTO EXECUCION ESTADO DE GASTOS		AÑO 2020
111	Organos de Gobierno	32.660,00
121	Administración xeral	106.090,00
451	Promoción e difusión da cultura	17.450,00
<u>TOTAL GASTOS</u>		<u>156.200,00</u>

CTA	INGRESOS	PRESUPUESTO 2020
700100	Cotas colexiais periódicas	143.000,00
700200	Cotas colexiais por altas (3 exercentes, 4 n.e.)	2.600,00
705100	Ingresos por prestación de actividades	600,00
740100	Subvencións públicas	10.000,00
<u>TOTAL INGRESOS</u>		<u>156.200,00</u>

En relación ao presuposto para o exercicio 2020, infórmase de que se presenta un presuposto equilibrado de ingreso e de gasto, incrementándose este en relación aos establecidos para os anos 2018 e 2019, isto débese ao maior volume de ingresos como consecuencia do incremento das altas colexiais esixidas pola Consellería de Sanidade ao solicitar e renovar as licencias e da subida da cota colexial

Detállase polo Sr. Presidente as distintas partidas relacionadas e indicadas no presuposto en cuestión.

Así en canto ás Bases de Execución expóñense aos presentes as bases de execución para o exercicio de 2020.

O colexiado D. Francisco Javier Meijide Torres (nº 13) indica que parte do superávit se destine a enviar a todos os colexiados unha caixa de viño.

Pola súa parte o colexiado D. Luis Antonio Álvarez Rodríguez (nº 243) considera que no lugar de procederse ao aprazamento das cotas colexiais de abril e maio como consecuencia da Declaración do Estado de Alarma se deixara de pagar a cota coexial. Así mesmo considera que o Colexio debería ter informado aos colexiados no momento en que se comunicou a suspensión das cotas colexiais, da posibilidade de poder acollerse os colexiados á cota de non exercente.

Por parte do Sr. Presidente sométense a votación o proxecto de presuposto para o ano 2020 e as súas bases de execución, adoptándose por unanimidade dos membros presentes o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: A aprobación do presuposto colexial para o exercicio 2020.

SEGUNDO: A aprobación das Bases de Execución para o ano 2020.

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PRORROGAR O MANDATO REALIZADO POLA ASEMBLEA DESTE COLEXIO, DE NON ABONAR CANTIDADE ALGUNHA AO CONSELLO XERAL MENTRES NON SE RESOLVAN OS PROCEDEMENTOS INICIADOS E SE DETERMINE A CANTIDADE QUE SE DEBE ABONAR AO MESMO.

Polo Sr. Presidente, tal e como se expuxo e se ven aprobando nas últimas asembleas, informa sobre continuar coa tónica marcada pola asemblea xeral de non abonar cantidade algunha ao Consello Xeral

mentres non se resolvan todos os procedementos xudiciais iniciados e se determine finalmente a cantidade que se debe abonar a este. Neste senso, a intención do Colexio é levar a efecto todas as actuacións que se precisen ata esgotar os cauces procesuais previstos, incluídas tanto a vía do Tribunal Supremo interpoñendo o correspondente Recurso de Casación, como o Recurso de Amparo ante o Tribunal Constitucional, e igualmente os recursos procedentes perante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, ou no seu caso, perante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, todo iso a pesar de que por parte dos Servizos Xurídicos do Colexio (FH Asesores) se informa das dificultades e poucas ou ningunha expectativa de éxito nos procedementos, pero que a pesar diso, debe intentarse por todos os medios defender os intereses do Colexio ata as últimas instancias, agotando as vías xudiciais existentes, dado que, o Consello, non só no aporta nada á profesión, senón que pretende dixer sen recursos aos Colexios, descapitalizando os mesmos.

Neste senso subliñar que o Colexio non se nega pero sí discrepa da cantidade, non recoñecendo a existencia de débeda algunha co Consello, por non ter adoptado nin consensuado unha norma ou regra de cálculo equitativo, rigoroso nin certo ou fiable. Dito o cal, este Colexio, convén lembrar, que encargou e pagou un estudo de *“cálculo para determinación da cota colexial de aportación ao Consello Xeral”*, baseada en parámetros equitativos para tódolos colexios e comunidades autónomas; que nin tan sequera, o Consello Xeral se molestou en someter a debate en ningunha asemblea xeral das celebradas ata hoxe, senón todo ó contrario, perseguir, criminalizar e denunciar aos colexios disconformes con esa política, baseada nas pretensións de gasto e dietas dos seus dirixentes e persoal *“ad látere”* de celosa confianza.

En referencia ao Consello indicar que se ben este Colexio en cada Asemblea, emite un informe da meirande xestión realizada ao longo do último ano, polo que respecta ao Consello, fai caso omiso das normas básicas que regulan o funcionamento dunha corporación democrática de dereito público de base privada, a día de hoxe séguense incumprindo normas esenciais como as notificacións aos Colexios afectados dos acordos adoptados, o contido dos devanditos acordos é impreciso e, o que ten maior transcendencia, a transcripción daqueles á correspondente acta é irregular e tecnicamente deficiente, imposibilitando a súa execución ou impugnación por non expresar adecuadamente a declaración da vontade dos órganos corporativos.

Resulta alarmante comprobar como despois de case vinte anos de percorrido, o Consello segue sen ter pronunciamentos técnica e xuridicamente fundamentados sobre as materias que afectan o futuro dos profesionais colexiados e da sanidade bucodental.

Non existe posición algunha, nin foi promovido o debate, sobre materias tan sensibles como:

- 1) A creación de oficinas de calidade e garantías a pacientes/usuarios.
- 2) A ampliación, mellora e actualización dos ensinos básicos da especialidade de Técnico Superior en Prótese Dental.
- 3) A creación dun corpo de funcionarios de carreira de profesores técnicos de formación profesional;
- 4) A adopción de medidas para garantir a expedición e contido da prescrición;
- 5) O fomento entre os profesionais da sanidade buco dental da expedición directamente ao paciente da factura de fabricación da prótese e o estudo dun protocolo de relación con odontólogos e estomatólogos;
- 6) A adopción de medidas que garantan a obrigación de colegiación previa ao comezo da actividade profesional;
- 7) A inclusión das próteses dentais dentro do réxime de ordenación das prestacións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde;
- 8) A revisión crítica, das competencias profesionais previstas na normativa reguladora do Título de Técnico Superior en Próteses Dentais.
- 9) A adopción de medidas de cara ao establecemento dunha nova lexislación en relación ao auxe das novas técnicas e tecnoloxías tales como (tales como scanners, centros de mecanizado, fresado, sinterizado, etc..)

Sometida a votación polo Presidente, entre os asistentes sobre se se mantén a postura de non facer achegas ao Consello Xeral mentres non se resolvan os procedementos iniciados e se determine a cantidade que se debe aboar ao Consello, adóptase por unanimidade dos presentes o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: *Continuar coa tónica marcada de non aboar cantidade ningunha, en tanto en canto non se resolvan os procedementos iniciados e se determine a cantidade que se debe aboar ao Consello Xeral de Colexios de Protésicos Dentais de España.*

6º.- APROBACIÓN DA PROPOSTA REFERENDADA NA SESIÓN ORDINARIA Nº 1/2020, DO PLENO DA XUNTA DE GOBERNO, CELEBRADA CON DATA DE 25 DE XANEIRO DE NOMEAR A D. DIEGO MURILLO CARRASCO COMO MEMBRO DE HONRA DO COLEXIO E A D. MANUEL CORRAL FARIÑAS COMO MEMBRO EMÉRITO.

Polo Sr. Presidente indicase que na Sesión Ordinaria 1/2020 do Pleno da Xunta de Goberno celebrado con data de 25 de xaneiro de 2020, se adoptou o acordo de proceder ao nomeamento de D. Diego Murillo Carrasco como membro de honra do Colexio Oficial de Protésicos Dentais de Galicia e de D. Manuel Corral Fariñas como membro emérito.

Informa de que D. Diego Murillo Carrasco foi o presidente da Agrupación Mutual Aseguradora (AMA) é foi unha das persoas que se volcaron en tartar aos protésicos dentais como profesionais sanitarios, sendo unha das persoas mais relevamntes en España no mundo da saúde.

Polo que respecta a D. Manuel Corral Fariñas, desenvolveu o cargo como Poñente de Cultura do Colexio desde o ano 2001 ao ano 2009. De él partiu a proposta de acordar a asignación do 1% do presuposto do Colexio para a adquisición de novos volumes para a biblioteca do Colexio.

Tendo en conta o disposto no artigo 11.b) dos Estatutos as devanditas propostas deberán ser referendadas polo Pleno da Xunta de Goberno e aprobadas pola Asemblea Xeral.

Sometido a votación o presente punto, por unanimidade dos presentes, adóptase o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: *A aprobación do nomeamento de D. Diego Muriño Carrasco como membro de honra do Colexio Oficial de Protésicos Dentais de Galicia.*

SEGUNDO: *A aprobación do nomeamento de D. Manuel Corral Fariñas como membro emérito do Colexio Oficial de Protésicos Dentais de Galicia.*

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se efectúan.

E non sendo outro o obxecto da convocatoria nin habendo máis asuntos a acordar, polo Sr. Presidente, dáse por concluída a Sesión levantándose esta cando son as 13:45 horas do día da data, estendéndose a presente Acta que asina o Presidente co seu visto e prace e eu Secretario dou fe.

Vºpa
O PRESIDENTE

O Secretario

Asdo.: Avelino J. Sanmartín Caamaño

Asdo.: José Ramón Rey Álvarez